



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 3º

MATERIA: CC. SOCIAIS

DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</i>	<i>CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. Competencias clave: CCL- CMCCT- CSC.</i>
<i>B3.4. Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.</i>	<i>CSB3.4.1. Diferenza entre materias primas e produtos elaborados e os asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna. Competencias clave: CMCCT- CCL.</i>
<i>B4.2. Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia.</i>	<i>CSB4.2.1. Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, describindo algunha característica fundamental. Competencias clave: CMCCT- CCEC.</i>
<i>B4.3. Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual.</i>	<i>CSB4.3.1. Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica. Competencias clave: CSC- CCEC.</i>
<i>B4.4. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</i>	<i>CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. Competencias clave: CSC- CCEC.</i>



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario, esforzo e as tarefas realizadas no seu caderno de clase; xa que as tarefas da aula virtual están a facelas en ditos cadernos.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo e o caderno de tarefas realizadas, para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula virtual.</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</i>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	Realizaranse actividades de repaso e reforzo dos temas xa estudados. Ademais, avanzaremos e ampliaremos materia do 3º trimestre, abordando unicamente os contidos máis básicos e importantes de dito trimestre.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades de cada alumno/a. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.
MATERIAIS E RECURSOS	Os materiais e recursos a utilizar: <ul style="list-style-type: none">- Os libros de texto e os cadernos de cada materia.- Video-tutoriais por parte do mestre coas correspondentes explicacións ou correccións.- Fichas de repaso e reforzo entregadas aos nenos mediante fotocopias.- Vídeos, arquivos, documentos adxuntos na aula virtual do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<i>Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.</i>
PUBLICIDADE	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i> https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/